

Resolución da Presidencia do Parlamento de Galicia pola que se nomean os membros da Comisión de Méritos para a valoración do concurso de méritos para a provisión dun posto de traballo no Servizo de Asistencia Parlamentaria.

De conformidade co apartado Quinto do Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 13 de maio de 2025, polo que se anuncia a convocatoria e se aproban as bases para a provisión, polo sistema de concurso, do posto AP23 do corpo administrativo no Servizo de Asistencia Parlamentaria,

RESOLVO,

Primeiro. Vistas as Normas sobre a composición dos tribunais dos procesos selectivos e das comisións de valoración da Administración do Parlamento de Galicia, designar como membros da comisión de méritos que valorará os correspondentes méritos a:

Presidente:

- Xosé Antón Sarmiento Méndez.

Vogais:

- María Rosa Buceta López.

- Andrea Caaveiro Souto

- Esteban García Paz.

Secretario:

- David González Alonso.

Segundo. Notificar a presente resolución aos membros designados para o seu coñecemento.

Terceiro. Publicar esta resolución na páxina web do Parlamento de Galicia.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica.

O presidente do Parlamento de Galicia